



*Grupo Municipal Popular  
Santiago de Compostela*

## SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, solicita que o Pleno da Corporación aprobe a comparecencia do concelleiro responsable de Educación e Cidadanía polos motivos e para responder ás preguntas que se formulan no presente escrito.

O pasado 5 de agosto iníciase o expediente de contratación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de comedores escolares para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela (cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017).

En data 20 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago declarou deserto o procedemento de contratación ante a retirada das súas ofertas por parte dos tres licitadores admitidos ao procedemento de contratación.

Con data 20 de novembro de 2015, ante a necesidade de dar cobertura legal á prestación do servizo, iníciase o expediente de contratación mediante procedemento negociado do mesmo, invitando a varias empresas do sector.

Das nove empresas invitadas, só concorreron dúas empresas JOSÉ FAJARDO, S.L. e AUSOLAN IGMO S.L., e unha vez examinada a documentación xeral e levada a cabo a apertura das ofertas económicas, segundo o marcado polo R.D. Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, requiríuselle á empresa JOSÉ FAJARDO, S.L. para que presente a documentación acreditativa necesaria para poder levar a cabo a adxudicación do contrato.

En data 13 de xaneiro de 2016 celebrouse a correspondente mesa de contratación co obxecto de valorar a documentación presentada polo licitador, acordándose na mesma a exclusión da empresa JOSÉ FAJARDO, S.L.

Polo tanto, tendo en conta que transcorreron catro meses do curso escolar 2015/2016 sen que se adxudicara o contrato, e ao abeiro do disposto no artigo 109 do Regulamento Orgánico Municipal, formúlase a seguinte solicitude de comparecencia do concelleiro delegado de Educación para responder as seguintes preguntas:

- Como explica que a estas datas aínda estea sen adxudicar o servizo de comedores escolares?
- Como se explica a renuncia sucesiva das diversas empresas concorrentes ao procedemento de licitación unha vez presentada a súa oferta?
- Na Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2015 acordouse requirir ás empresas que renunciaron para que acreditasen documentalmente as razóns que motivaron esa retirada das súas proposicións. Fíxose efectivo ese acordo? En que datas?. ¿Cales foron os motivos alegados polas empresas?.
- Dado que a empresa SERUNIÓN foi unha das que renunciou ao procedemento de contratación, alegando problemas de organización empresarial, como se explica que esta siga prestando o servizo de forma indefinida?.
- Cal é o prezo do servizo que se presta a día de hoxe, dado que a empresa SERUNIÓN manifestou por escrito de data 31 de agosto de 2015 que os prezos iniciais os mantiña só ata o 15 de novembro de 2015?.
- Á vista das renuncias por parte das empresas, chegouse a formular por parte do concelleiro delegado a posibilidade de que fora necesaria unha revisión do estudo económico que serviu de base para o procedemento de contratación?.
- Asegurouse por parte da Concellería que as empresas invitadas ao procedemento negociado tiveran a solvencia necesaria para poder levar a cabo a prestación do servizo?

Santiago a 14 de xaneiro de 2016

  
Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.